

Addenda á programación didáctica de francés (curso 2021/2022)

Avaliacións parciais, finais e extraordinarias na ESO:

Atendendo á **Orde 25/01/2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de Primaria, Eso e BAC no sistema educativo de Galicia, o departamento de francés fará a terceira avaliación parcial o 7 de xuño e a final o 23, **quedando así anulada a convocatoria extraordinaria da ESO que se celebraba a primeiros de setembro.**

Para o alumnado que supere a materia na avaliación parcial do 7 de xuño realizaranse actividades de ampliación (exercicios de aplicación da materia dada durante o curso, traballos en soporte audiovisual e outros) coas que **poderán mellorar ata un máximo de 1 punto** a nota media obtida (segundo as porcentaxes especificadas na programación do departamento de francés) das tres avaliacións parciais.

No tocante a **aquel alumnado que non teña superada a materia na avaliación parcial do 7 de xuño**, adicaremos as clases ata a data da proba final a actividades de reforzo, apoio e recuperación dos contidos. Realizaremos probas escritas (expresión e comprensión escrita) e orais (expresión e comprensión) o mesmo que nas avaliacións anteriores. Todo coa finalidade de que, chegados a avaliación final do día 23, ese alumnado tivera a oportunidade de recuperar aquelas partes nas que non tivera acadado o aprobado. A nota final farase entón facendo a media da primeira e segunda avaliación coa avaliación final, tendo sempre en consideración que os resultados nunca poderán ser peores que os obtidos coa media das tres avaliacións parciais.